


A miña nai é unha illa



Non sabía cantos anos tiña. A súa avoa tampouco se acordaba. Nin sequera lembraba o instante no que caera naquel burato sen fin, pero o que si recordaba era a dor. Unha dor que lle facía revivir unha lembranza que podería ter esquecida. Ao final quizais debería de sentirse agradecida con aquelas persoas que durante a súa curta vida se empeñaran en facerlle entender que unha sempre se quedaba con palabras que, aínda que estivesen baleiras de forma e contido, se che metían, tan, tan, dentro do corpo, que causaban feridas abertas. Moitas veces, sen cura.

Nerga estaba a piques de cumprir os vinte e catro, e este ano case non lle facía ilusión celebrar o seu aniversario, algo que realmente a incomodaba. Estivera toda a súa infancia desexando que chegase o momento no que poder liscar da casa da súa nai; darlle un portazo ben forte a aquela porta que mantiña a súa gaiola, para que, por fin, dunha vez por todas, se destruísen os cementos dun maltrato psicolóxico que se prolongara no tempo. E agora que? As cousas mudaran completamente.

Co paso dos días, dérase conta a través do traballo de autocoidado emocional que fixera en si mesma ao acudir a distintas terapias con profesionais do mundo da saúde, para falar alto e ben claro sobre a súa historia, de verbalizala e contala para que non se lle borrara nada daquela cabeciña que algúns definían de "tola", que levaba razón aquela psicóloga que a tratara de convencer de que non se sentira culpable daquilo que deixaba atrás. Pois, sen chegado a imaxinar, e para ilustralo dunha forma máis poética, conseguira saír dunha ría moi profunda, podendo alcanzar nun futuro próximo a súa propia salvación. Unha salvación na que estivera implícita a posibilidade de tender unha ponte de comunicación, axuda e comprensión cara a súa nai e os seus irmáns.

Un, dous, tres, catro, cinco. Conta ata cinco, respira. Acórdate de levar contigo os manguitos, para evitar o afundimento. Repetía unha e outra vez. Queda menos do que te imaxinas. Só tes que agardar a cumprir a maioría de idade, ou o que é igual, renunciar ao soño de Peter Pan. Pero o seu desexo chegou antes do que esperaba. Neses intres acordábase do que un profesor seu comentara unha vez na aula de matemáticas, materia que odiaba. A teoría deste era que probablemente o primeiro número que unha persoa aprendera de pequena fora o 5, pola canción de *"cinco lobitos tiene la loba"*. E deste xeito,

Nerga non podía deixar de cantaruxar unha e outra vez esa música, engadindo: “Breogán (1), Roi (2), Aldán (3), Ivo (4) e Zeltia (5). Nomes galegos. A miña nai fixo unha boa escolla”.

A Nerga nunca se lle deran ben os números. As matemáticas sempre supuxeran unha frustración para ela e, se tiña que elixir entre uns ou outros, prefería os pares. Pero despois de moitos intentos por revolver as contas que a vida lle tiña pendentos, -contas de sumas e restas (restas máis ca sumas)-, nun papel cheo de cores negras, agarrouse á primeira oportunidade que o destino lle presentou e fuxiu, comezando a vivir. Xa afastada e desde un novo horizonte, deixou de contemplar aquel naufraxio liderado por o único ser que a mantivera vítima e presa da corrente: el, seu padrasto, o pai de catro dos seus irmáns. O mesmo home que aproveitara para secuestrar a súa mente e mergullala dentro da auga durante unha das etapas máis cruciais da súa vida. Agora Nerga, cando dirixe a súa mirada cara o pasado, concorda coa opinión daquela psicóloga que de cativa tanto lle axudou; mais prefire dicir que, a súa nai é unha illa, rodeada, como non, de auga. Inaccesible, maltratada e illada da sociedade. Ela, co seu espírito soñador, prefire imaxinar que a súa nai é a illa de Monteagudo, fronte a de Faro, unha das catro illas que conforman as Cíes.

Unha tarde de verán do 2001, na praia de Nerga, en Cangas, unha avoa intenta, sen éxito, que a súa neta de seis anos aprenda a nadar nas profundidades que aloumiñan á ría de Vigo. Mais o que non sabe ningunha das dúas, é que primeiro terá que pasar polo medo de case afogar.